

Esta financiación permite que COGAMI desenvolva un Servizo de Atención Especializada á Muller con Discapacidade, co obxectivo de contribuír á consecución dos obxectivos vitais das mulleres con discapacidade beneficiarias do servizo, mediante o deseño, implementación e avaliación de plans personalizados de integración a fin de mellorar o seu grao de autonomía persoal e de participación social e/ou laboral.

Así as Traballadoras Sociais (persoal propio da entidade) darán resposta ás demandas de atención especializada ás mulleres con discapacidade en Galicia especialmente ás que se atopan en situacións de risco (situacións de violencia, desemprego, baixos recursos, illamento social,...) durante un período de 1 ano en 5 dos centros de traballo cos que conta a entidade: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo, existindo ademais unha previsión de realización de actuacións puntuais nalgún dos itinerarios que se están a desenvolver nos concellos de Cambre, Culleredo, Oleiros, Coristanco, Arteixo, Narón, Fene, Mugardos, Boqueixón, Pontecesures, Ames, Dodro, Teo, Castro de Rei, O Páramo, Sarria, Saviñao, Valadouro, Vilalba e As Nogais.

A través do desenvolvemento dunha atención integral ás mulleres con discapacidade para contribuír á consecución dos seus obxectivos vitais, mediante o deseño, implementación e avaliación de plans personalizados de integración co obxecto de mellorar o seu grao de autonomía persoal e de participación social e/ou laboral.

Esta axuda está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, nun porcentaxe dun 80 %, a través do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.